

## **A AVALIACIÓN:**

### **1.4 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os procedementos utilizados para avaliar son:

.Control do traballo diario a través de preguntas orais, exercicios escritos, deberes, cadernos, traballos, probas curtas etc.

.Proba das leccións estudadas incorporando nela o contido lingüístico e funcional practicado na clase.

.Comprensión e expresión oral que se fará con actividades do tipo: “écoute et complète”; “demande à un(e) camarade”; “pose des questions”...

.Avaliación da capacidade para comunicarse por escrito, demostrada mediante a redacción de textos sinxelos relativos ás intencións comunicativas.

.Avaliación da capacidade para desenvolverse oralmente en situacións interactivas.

.Control de lectura e tradución dos libros de lectura obrigatoria.

### **1.5 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

**PRIMEIRO CICLO DA ESO:** A asistencia regular e puntual a clase, ter unha boa actitude, traer o material necesario, mostrar interese nas tarefas, atender, ser respectuoso, observar as normas de convivencia e respectar as diferencias poderá supoñer hasta un 20% da nota.

A expresión e comprensión escritas puntuarán un 50%

A comprensión e expresión orais puntuarán un 30%

A nota final do curso será a media das tres avaliacións, sendo a 3ª avaliación a máis importante por tratarse de unha avaliación continua (30% para a primeira avaliación, 30% para a segunda e 40% para a terceira )

Se o alumno suspende a terceira avaliación terá que presentarse a un exame global de recuperación. Tamén terá que presentarse ao exame global o alumno/a que teña máis de unha avaliación suspensa.

A avaliación será positiva ao acadar un 50% do total: 5 puntos sobre 10

Se o alumno/a obtén unha cualificación negativa na nota final do mes de Xuño, poderá presentarse ao exame global do mes de Setembro.

Na convocatoria de Setembro os estándares de aprendizaxe avaliábeis serán os referidos á comprensión e produción escrita. A avaliación será positiva ao acadar un 50% do total: 5 puntos sobre 10

**SEGUNDO CICLO DA ESO:** A asistencia regular e puntual a clase, traer o material necesario, mostrar interese nas tarefas, atender, ser respectuoso, observar as normas de convivencia e respectar as diferencias pode supoñer hasta un 10% da nota.

O libro de lectura obrigatoria e a comprensión e expresión oral serán o 40% da nota

A expresión e comprensión escritas comportarán o 50% da nota.

A nota final do curso será a media das tres avaliacións, sendo a 3ª avaliación a máis importante por tratarse de unha avaliación continua (30% para a primeira avaliación, 30% para a segunda e 40% para a terceira )

Se o alumno suspende a terceira avaliación ou ten máis de unha avaliación suspensas, terá que presentarse

a un exame global de recuperación.

A avaliación é positiva ao acadar o 50% do total, é dicir 5 puntos sobre 10.

Seo alumno obtén unha cualificación negativa na nota final do mes de Xuño, pode presentarse ao exame global do mes de Setembro no que se avalían os estándares de aprendizaxe correspondentes á expresión e produción escritas. A avaliación será positiva ó acadar o 50% do total: 5 puntos sobre 10.

### **Bacharelato:**

A comprensión e expresión escrita representará o 60% da nota da avaliación e a comprensión e expresión oral o 40%

A nota final será a nota media das tres avaliacións sendo a terceira avaliación a mais importante por tratarse de unha avaliación continua (30% para a primeira avaliación, 30% para a segunda e 40% para a terceira )

A avaliación será positiva ao acadar o 50% do total, é dicir 5 puntos sobre 10.

O alumno que teña máis de 10 faltas de asistencia sen xustificar no trimestre, perderá o dereito a avaliación e deberá presentarse a un exame global en Xuño que avaliará os estándares de aprendizaxe da expresión e comprensión oral e escrita.

Se o alumno obtén unha cualificación negativa na nota final do mes de Xuño, pode presentarse ao exame global do mes de Setembro para recuperala. Neste exame só se avaliarán os estándares de aprendizaxe referidos á expresión e produción escritas.

## **1.6 ESTRATEXIAS PARA ACADAR OS ESTÁNDARES ESPECÍFICOS AVALIABLES DO ENSINO DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS**

O obxectivo específico do ensino do francés é que o alumnado domine de forma gradual as destrezas básicas da comunicación :

### **-Comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita**

As estratexias para acadar os estándares específicos do ensino da lingua estranxeira serán en xeral as actividades orais e escritas adaptadas aos diferentes niveis e que terán múltiples soportes:

.Caderno de actividades

.Exercicios orais e escritos

.Diálogos ( contestar preguntas de comprensión, contar un incidente, indicar un camiño...)

.Resumos

.Xogos de rol (para recrear situacións)

.Acceso a Internet

.Proxección de películas e vídeos de civilización francófona

.Lectura de libros e BD adaptados ao seu nivel

.Acceso á prensa e documentos informativos...

O enfoque estará baseado na acción, na actividade social e no uso da lingua.

Os contidos introducíranse en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación.

A progresión gramatical será gradual.